



1. XORNADAS: “O NOVO BAREMO DE TRÁFICO (LEI 35/2015)”

O Colexio de Avogados, en colaboración coa Escola de Práctica Xurídica de Santiago, ofrecerá os días 29 de marzo e 5 de abril uns xornadas sobre o novo sistema para valorar os danos e perdas causados ás persoas nos accidentes de circulación (lei 35/2015).

Días: 29 de marzo e 5 de abril

Hora: 18.30 h a 21.30 h

Lugar: por confirmar, debido ao elevado número de persoas inscritas, o día 28 de marzo informarase do lugar de celebración por medio dunha circular (facultade de CC Políticas ou EGAP).

Matricula: ata o 23 de marzo ás 14.00 h (por escrito, na secretaría)

Custo: gratuíta para colexiados/as do ICA de Santiago; 100 € demais persoas

Programa de relatorios:

29 de marzo de 2016

18.30 h: “O reformado artigo 7 da LRCSCVM: reclamación previa e oferta ou resposta motivada. A mediación do novo artigo 14 da LRCSCVM. Criterios xerais do novo baremo”

Relator: Javier López y García de la Serrana (doutor en Dereito, prof. asociado da Universidade de Granada, avogado e secretario xeral da Asociación Española de Abogados Especializados en Responsabilidad Civil y Seguro)

19.30 h: “Indemnizacións por causa de morte”

Relator: José Luis Seoane Spiegelberg, presidente da AP da Coruña e prof. asociado da Universidade da Coruña

20.30 h: “Indemnizacións por causa de morte: supostos prácticos”

Relator: Javier López y García de la Serrana

5 de abril de 2016-03-15

18.30 h: “Indemnizacións por secuelas”

Relator: José López Tirado (avogado en Barcelona e asesor xurídico de Stop Accidentes e membro da Comisión de Expertos para la Reforma del Baremo)

19.30 h: “As indemnizacións por lesións temporais”

Relator: Ángel Pantín Reigada, presidente da Sección 6ª da AP da Coruña e ex profesor asociado da USC)

20.30 h: “O informe médico forense á luz da lei 25/2015”

Relator: José Benito López (avogado, médico forense e ex director do Imelga)

2. CURSO: COMPLIANCE OFFICER (CONTROLLER XURÍDICO)

A editora xurídica Wolters Kluwer organiza este curso para abordar a irrupción da figura do “compliance officer”, como responsable do cumprimento do marco regulador no ámbito penal que afecta ás empresas e que poderá ser exercida por persoas físicas individuais, órganos colexiados e mesmo avogados ou bufetes externos que sexan contratados para esta función.



Organiza: Wolters Kluwer

Duración: 120 h

Modalidade: teleformación

Prezo: 938 € (15 % de desconto para colexiados do ICA de Santiago)

Información e matrícula: contactar con Ernesto Maristany: emaristany@wke.es / ernesto.maristany@wolterskluwer.es

Prazo: ata o 31 de marzo

3. CURSOS: “CONTABILIDADE E ANÁLISE DE BALANCES” E “XESTIÓN E PRÁCTICA LABORAL”

Coma en anos anteriores e en resposta á demanda existente, o Instituto Empresarial de Contabilidade e Economía (IECE), en colaboración co Colexio de Avogados de Santiago, organiza unha nova edición dos seguintes cursos:

- **Curso de contabilidade e análise de balances**
- **Curso de xestión e práctica laboral** (nóminas, seguros sociais e contratación laboral)

A presentación destes cursos levarase a cabo o **4 de abril, ás 20.15 h**, no salón de actos da Cámara de Comercio de Santiago (rúa de San Pedro de Mezonzo, 44, baixo).

En virtude do acordo de colaboración co ICA de Santiago, os colexiados interesados beneficiaranse dun **desconto no prezo da matrícula**.

4. RECORDATORIO DA XORNADA: “TÉCNICAS DE INTERROGATORIO”

Día: xoves 17 de marzo

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Hora: 19.00 h (duración aprox. 2 horas)

Relator: Julio García Ramírez, avogado

Matrícula: pechada (prazas completadas)